

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1318/2026	A Xunta de Goberno Local	30/04/2026

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión realizada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 1318/2026. SUBVENCÍONS DIRECTAS OU NOMINATIVAS. APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DO 2026 DO CONCELLO DE BOIRO DAS BOLSAS A DEPORTISTAS FEDERADOS/AS

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

O Concello de Boiro, no seu labor de promoción e difusión do deporte, é consciente do esforzo realizado por moitos/as deportistas con talento para progresar nas súas respectivas especialidades. Con motivo de recoñecer este esforzo e a dedicación que leva aparelhada, realízase a presente regulación de axudas.

Polo dito anteriormente, se propón á Xunta de Goberno Local que, no uso das atribucións conferidas pola Alcaldía por medio da resolución número 956 do 20/07/2023 (BOP da Coruña núm 143, do 28/07 /2023), modificada mediante a Resolución núm. 230 do 17/02/2025 (BOP da Coruña núm. 37, do 24 /02 /2025) adopte o seguinte:

Vista a proposta de resolución PR/2026/757 de 13 de abril de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 17 de abril de 2026.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- A aprobación da convocatoria do ano 2026 das bolsas a deportistas federados/as do concello de Boiro que se transcriben neste acordo.

SEGUNDO.- Prestar aprobación á fase A do gasto correspondente á aprobación desta convocatoria do 2026 das BOLSAS A DEPORTISTAS FEDERADOS DO CONCELLO DE BOIRO.

TERCEIRO.- Publicar esta convocatoria na Base Nacional de Subvencións (BDNS) así como no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Boiro así como no portal de transparencia do concello de Boiro.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.

CONVOCATORIA DAS BOLSAS 2026 PARA DEPORTISTAS FEDERADOS/AS DO CONCELLO DE BOIRO

Bases de execución do orzamento 2025: <https://boiro.sedelectronica.gal/preview-document/b6da1e90-8563-42b4-80a2-4aab16559629/>

OBXECTO E CONTÍA

- Bolsas a deportistas federados/as do concello de Boiro no exercizo 2026; compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade.
- Aplicación orzamentaria: 341/48000 do orzamento prorrogado do 2025 ao 2026.
- Contía total: 9.750 euros, desglosada do seguinte xeito:

2 bolsas de 800 €:	1.600 €
5 bolsas de 600 €:	3.000 €
5 bolsas de 300 €:	1.500€
5 bolsas de 200 € :	1.000 €
7 bolsas de 150 €:	1.050 €
12 bolsas de 100 €:	1.200 €
8 bolsas de 50 €:	400 €
Total axudas:	9.750 €

No caso de que a convocatoria estableza máis cantidade que a resultante da anterior distribución, se concederán máis bolsas de 50 €.

SOLICITANTES.- Poderán participar nesta convocatoria deportistas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Estar empadroados/as en Boiro.
2. Ter entre 9 e 23 anos a data 31 de decembro de 2025.
3. Dispoñer de licenza federativa en vigor no momento da presente convocatoria.
4. Ter participado na tempada precedente nalgún dos seguintes eventos:
 - a) Campionatos oficiais galegos, españois ou de nivel superior.
 - b) Convocatorias das seleccións galega ou española.
 - c) Probas oficiais de nivel competitivo igual ou superior aos campionatos galegos, así recoñecidas e acreditadas pola federación correspondente.
 - d) Campionatos oficiais absolutos de liga da 1ª, 2ª e 3ª categoría de cada especialidade.

5. Non sufrir sanción ou descualificación por comportamento antideportivo ao longo da tempada.

PROCEDEMENTO.- A concesión das subvencións realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva seguindo os pasos que se sinalan a continuación:

SOLICITUDE.- As solicitudes presentarase no modelo normalizado (Anexo). Xunto ás solicitudes achegarase a seguinte documentación (orixinais ou copias compulsadas):

1. DNI do/a solicitante.
2. Volante de empadramento no concello de Boiro.
3. Documento de verificación de conta bancaria.
4. Copia da licenza federativa en vigor ou documento acreditativo.
5. Certificación da Federación Deportiva correspondente ou documento de organismo oficial que acredite:
 - Os méritos logrados polo/a deportista durante a temporada.
 - A inexistencia de sanción ou descualificación do/a solicitante por comportamento antideportivo.
 - O inicio e o remate da pasada temporada.
6. Se fora o caso, certificación que acredite a inclusión no programa pre olímpico da Federación Española correspondente ou Consello Superior de Deportes.

As solicitudes presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Boiro nos dez días hábiles posteriores á publicación no BOP do anuncio da convocatoria anual correspondente.

Tamén poderán presentarse solicitudes no mesmo prazo, en calquera das formas dispostas na forma prevista no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento común das Administracións Públicas.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación deberá ser corrixido no prazo de dez días hábiles desde a recepción do requirimento. De non facelo, archivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

COMISIÓN AVALIADORA.- As solicitudes serán analizadas pola Comisión avaliadora que estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue
- Vogais:
 - o Concelleiro de Deportes
 - o Técnico de Deportes
 - o Técnico Programación Deportiva

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, o da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

A comisión realizará a valoración das solicitudes e emitirá un informe sobre a distribución da contía económica destinada a subvencionar aos/s deportistas solicitantes, en función do seguinte baremo:

Ø Participación en campionatos galegos, españois ou de nivel superior (clasificación final)

à Campionatos do mundo-olimpiadas (ata un máximo de 50 ptos):

- 1º posto:
 - Infantil-cadete: 15 ptos
 - Xuvenil: 20 ptos
 - Senior: 30 ptos
- 2º posto:
 - Infantil-cadete: 12 ptos
 - Xuvenil: 18 ptos
 - Senior: 28 ptos
- 3º posto:
 - Infantil-cadete: 9 ptos
 - Xuvenil: 16 ptos
 - Senior: 26 ptos
- Clasif. entre o 4º e 8º posto:
 - Infantil-cadete: 6 ptos
 - Xuvenil: 10 ptos
 - Senior: 15 ptos
- Outras clasificacións:
 - Infantil-cadete: 3 ptos
 - Xuvenil: 5 ptos
 - Senior: 10 ptos

à Campionatos de Europa (ata un máximo de 40 ptos)

- 1º posto:

- Infantil-cadete: 10 ptos
- Xuvenil: 15 ptos
- Senior: 20 ptos
- 2º posto:
- Infantil-cadete: 8 ptos
- Xuvenil: 13 ptos
- Senior: 18 ptos
- 3º posto:
- Infantil-cadete: 6 ptos
- Xuvenil: 11 ptos
- Senior: 16 ptos
- Clasif. entre o 4º e 8º posto:
- Infantil-cadete: 3 ptos
- Xuvenil: 8 ptos
- Senior: 12 ptos
- Outras clasificacións:
- Infantil-cadete: 2 ptos
- Xuvenil: 4 ptos
- Senior: 9 ptos

à Campionatos de España (ata un máximo de 30 ptos)

- 1º posto:
- Alevín-Infantil: 3 ptos
- Cadete: 5 ptos
- Xuvenil: 8 ptos
- Senior: 12 ptos
- 2º posto:
- Alevín-Infantil: 2 ptos

- Cadete: 4 ptos
- Xuvenil: 7 ptos
- Senior: 11 ptos
- 3º posto:
- Alevín-Infantil: 1 pto
- Cadete: 3 ptos
- Xuvenil: 6 ptos
- Senior: 10 ptos
- Clasif. entre o 4º e 8º posto:
- Alevín-Infantil: 0,75 ptos
- Cadete: 2 ptos
- Xuvenil: 5 ptos
- Senior: 9 ptos
- Outras clasificacións:
- Alevín-Infantil: 0'5 ptos
- Cadete: 1 ptos
- Xuvenil: 2 ptos
- Senior: 5 ptos

à Campionatos de Galicia (ata un máximo de 15 ptos):

- 1º posto:
- Alevín-Infantil: 0,75 ptos
- Cadete: 1,75 ptos
- Xuvenil: 3 ptos
- Senior: 5 ptos
- 2º posto:
- Alevín-Infantil: 0,65 ptos
- Cadete: 1,5 ptos

- Xuvenil: 2,50 ptos
- Senior: 4 ptos
- 3º posto:
- Alevín-Infantil: 0,55 ptos
- Cadete: 1,25 ptos
- Xuvenil: 2 ptos
- Senior: 3 ptos
- Clasif. entre 4º e 8º posto:
- Alevín-Infantil: 0,25 ptos
- Cadete: 0,5 ptos
- Xuvenil: 1 ptos
- Senior: 2 ptos
- Outras clasificacións:
- Alevín-Infantil: 0,10 ptos
- Cadete: 0,30 ptos
- Xuvenil: 0,50 ptos
- Senior: 1 pto

Ø Convocatorias oficiais coa selección galega ou española da especialidade:

à Selección española (ata un máximo de 30 ptos)

- Alevín-Infantil:
 - § Unha convocatoria: 1'50 ptos
 - § Máis dunha convocatoria: 2 ptos
 - § Concentrado/a permanente: 4 ptos
- Cadete:
 - § Unha convocatoria: 2 ptos
 - § Máis dunha convocatoria: 2'5 ptos

§ Concentrado/a permanente: 5 ptos

· Xuvenil:

§ Unha convocatoria: 5 ptos

§ Máis dunha convocatoria: 7 ptos

§ Concentrado/a permanente: 14 ptos

· Senior:

§ Unha convocatoria: 10 ptos

§ Máis dunha convocatoria: 15 ptos

§ Concentrado/a permanente: 30 ptos

à Selección galega (ata un máximo de 12 ptos)

· Alevín-Infantil:

§ Unha convocatoria: 0'50 ptos

§ Máis dunha convocatoria: 1 pto

§ Concentrado/a permanente: 2 ptos

· Cadete:

§ Unha convocatoria: 1 pto

§ Máis dunha convocatoria: 1'75 ptos

§ Concentrado/a permanente: 3'50 ptos

· Xuvenil:

§ Unha convocatoria: 2'50 ptos

§ Máis dunha convocatoria: 3'50 ptos

§ Concentrado/a permanente: 7 ptos

· Senior:

§ Unha convocatoria: 4 ptos

§ Máis dunha convocatoria: 6 ptos

§ Concentrado/a permanente: 12 ptos

Ø Outras probas e campionatos:

à Participación en probas oficiais de igual ou superior categoría aos campionatos galegos: (máx. 10 ptos). A federación ou organismo competente deberá certificar claramente esta circunstancia.

· 1º posto:

§ Alevín-Infantil: 0,75 ptos

§ Cadete: 1,75 ptos

§ Xuvenil: 3 ptos

§ Senior: 5 ptos

· 2º posto:

§ Alevín-Infantil: 0,65 ptos

§ Cadete: 1,5 ptos

§ Xuvenil: 2,50 ptos

§ Senior: 4 ptos

· 3º posto:

§ Alevín-Infantil: 0,50 ptos

§ Cadete: 1,40 ptos

§ Xuvenil: 2,40 ptos

§ Senior: 3,90 ptos

· Clasif. entre o 4º e 8º posto:

§ Alevín-Infantil: 0'25 ptos

§ Cadete: 0'50 ptos

§ Xuvenil: 1 ptos

§ Senior: 3 ptos

· Outras clasificacións:

§ Infantil: 0'10 ptos

§ Cadete: 0'30 ptos

§ Xuvenil: 0'50 ptos

§ Senior: 1 ptos

Ø Participación en campionatos oficiais absolutos de liga da 1ª, 2ª e 3ª categoría.

- 1ª categoría: 25 ptos
- 2ª categoría: 15 ptos
- 3ª categoría: 10 ptos

Unha vez realizada a ponderación e establecidas as puntuacións, as bolsas distribuiranse do seguinte xeito:

Deportista con maior puntuación: 800€ / 2º: 800€ / 3º: 600€ / 4º: 600€ / 5º: 600€ / 6º: 600€ / 7º: 600€ / 8º: 300€ / 9º: 300€ / 10º: 300€ / 11º: 300€ / 12º: 300€ / 13º: 200€ / 14º: 200€ / 15º: 200€ / 16º: 200€ / 17º: 200 € / 18º: 150€ / 19º: 150€ / 20º: 150€ / 21º: 150€ / 22º: 150€ / 23º: 150€ / 24º: 150€ / 25º: 100 € / 26º: 100€ / 27º: 100€ / 28º: 100€ / 29º: 100€ / 30º: 100€ / 31º: 100 € / 32º: 100 € / 33º: 100 € / 34º: 100 € / 35º: 100 € / 36º: 100 € / 37º: 50 € / 38º: 50 € / 39º: 50 € / 40º: 50 € / 41º: 50 € / 42º: 50 € / 43º: 50 € / 44º: 50€.

En caso de que fora necesario resolver o empate a puntos entre dúas ou máis solicitudes, darase prioridade ao/s solicitante/s de maior idade.

O tribunal poderá nomea-los suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade. Estes suplentes accederán ás bolsas unicamente no caso de existir algunha renuncia ou incumprimento das bases por parte dos/as titulares.

ÓRGANO DE INSTRUCCIÓN.- O órgano de instrución será o concelleiro de Economía e facenda. Este, á vista do informe de concesión realizado pola comisión avaliadora que terá carácter vinculante, ditará a proposta de resolución provisional, concedendo un prazo de 10 días hábiles para que os/as interesados/as acheguen as alegacións que consideren oportunas.

Esta proposta de resolución será publicada no taboleiro de anuncios da sede do Concello de Boiro e na web municipal.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN.- Discorrido este prazo e, no seu caso, unha vez analizadas pola comisión avaliadora as alegacións achegadas, ditarase a resolución definitiva de concesión.

O órgano de resolución será o alcalde ou o órgano no que este delegue a competencia.

A resolución de concesión notificarase electronicamente, con aviso ao correo electrónico determinado na solicitude aos/as interesados/as. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

O prazo máximo de resolución do presente procedemento será de tres meses.

OBRIGAS DOS BOLSEIROS/AS.

O beneficiario/a deberá acudir aos posibles actos protocolarios relacionados coas bolsas programados polo Concello de Boiro.

As persoas que acaden as sete primeiras bolsas (800 e 600 €) deberán colaborar co Departamento de Deportes en actos e/ou eventos de promoción deportiva, ata un máximo de dous ao longo do ano.

O incumprimento das condicións recollidas nas presentes bases terá como efecto a obrigatoriedade de devolución da cantidade percibida en concepto de bolsa á que se lle engadirán os correspondentes xuros de demora.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E OBRIGA DE FACILITAR A INFORMACIÓN REQUIRIDA.

Os datos aportados figurarán no rexistro público de subvencións nos extremos previstos no artigo 5 da lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal. As persoas interesadas teñen o dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Existe a obriga dos beneficiarios de facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

COMPATIBILIDADE.

Estas bolsas serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración.

ANEXO I.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos		Data nacemento	
Enderezo			
Localidade		CP	Concello
NIF	Teléfono	Correo electrónico	

DATOS DEPORTIVOS

Nº licenza federativa		Categoría (senior, junior, ...)	
Club		Teléfono	
Enderezo		CP	
Localidade		Concello	C. electr.

Acompaño a seguinte documentación: (orixinal ou copia compulsada).

1. DNI.
2. Volante de empadramento no Concello de Boiro.
3. Certificado da conta bancaria.
4. Copia licenza federativa en vigor.

5. Certificado da Federación Deportiva correspondente ou documento de organismo oficial acreditativa dos méritos alegados, e de non ter sanción por comportamento antideportivo.

Pola presente,

Solicito participar na convocatoria 2026 do Concello de Boiro de BOLSAS PARA DEPORTISTAS FEDERADOS/AS DA LOCALIDADE.

Boiro, de de 20.....

Sinatura solicitante

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO

\

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE